

Nos últimos tempos ten participado nos debates sobre normalización lingüística, é un cambio na súa traxectoria?

Pode ser que a énfase pública sexa maior, pero xa fixera traballos deste tipo con anterioridade. Comecei os meus estudos en Filoloxía Clásica e paseime ao galego por militancia, por compromiso coa lingua. Agora tal vez saia cun enfoque máis polémico e divulgativo, en parte porque estou canso de facer traballo academicamente puro. Na Universidade estase caendo na dinámica de se pechar nun mundo falso, hai técnicas de facer traballo académico con moitas notas e aparato bibliográfico pero sen moito sentido. Por outra banda creo que a situación do galego nunca foi boa, nunca tivemos unha política lingüística ben orientada pero no primeiro tempo da Autonomía dábanse pasos adiante. Agora témonos que enfrontar cos problemas reais, como modificar as prácticas lingüísticas, e coincide co momento no que desde os poderes públicos se adopta unha política máis timorata.

**Non é efectiva a política lingüística?**

A situación do galego é séria e non se está querendo afrontar. Estase utilizando a política lingüística como un instrumento de propaganda e de control clientelar. Isto percéboo ben no grémio. Pódese ver analisando a quen lle negan e a quen lle conceden as axudas á investigación. Isto crea unha dinámica de xente que se sente obrigada e outra desprazada polo poder.

**Fala do perigo de desaparición da lingua.**

Son contrario ao catastrofismo porque creo que a xente inviste no galego na medida en que confía no seu futuro. Agora, os datos indican que a tendencia dominante do galego é cara á súa desaparición nun prazo breve. Ao mesmo tempo a situación do galego é óptima se se inician políticas de recuperación da lingua. Polo tanto estamos nun momento crítico no que se poden consolidar as tendencias de desaparición da lingua pero no que se poden modificar cun esforzo razoábel. Boto tamén en falta un esforzo de apoio ás dinámicas de recuperación da lingua que se están xerando na sociedade, propostas que saen de abaixo.

**O bilingüismo harmónico de Fraga pode ser un camiño cara á normalización?**

Só é un eslogan que se podía traducir en "non queremos ter lios". Pero aquí non se pode arranxar a situación do galego sen ter lios. A oposición deba dar alternativas sen encerellarse en temas como o bilingüismo harmónico. Como hai un límite de medios hai que poñer sobre a mesa as prioridades. Cómpre poñer máis esforzo naqueles sectores que reclaman máis galegos e queiran asumilo ou que estén en disposición de aproveitar eses esforzos. A prioridade por exemplo en educación é que os rapaces teñan o seu primeiro ensino en galego. É escandaloso que iso non se garanta.

**O Mapa Lingüístico falaba de actitudes positivas, como se traducir na práctica, maiormente na mocidade que é quen pode garantir o futuro da lingua?**

# Henrique Monteagudo

## 'O Centro Ramón Piñeiro criouse cando o Instituto da Língua rexeitou depender da Consellaría'

⇒ CARME VIDAL

**HENRIQUE MONTEAGUDO REVISAR OS QUINCE ANOS DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA NA GALIZA NUN MOMENTO CALIFICADO COMO "CRÍTICO, NO QUE A ADMINISTRACIÓN UTILIZA A LINGUA DE FORMA CLIENTELAR E COMO CONTROL POLÍTICO". PROFESOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO E MEMBRO DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILG), MONTEAGUDO É TAMÉN SECRETARIO DA FUNDACIÓN CASTELAO NA QUE RECOMPILOU OS DISCURSOS E ESTÁ A TRABALLAR COA CORRESPONDENCIA DO GALEGUISTA. CUNHA MANCHEA DE TRABALLOS NO ÁMBITO LINGÜÍSTICO E LITERARIO, ANOTA QUE A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DESENVOLVIDA POLA XUNTA É "TIMORATA" Á HORA DE ENFRONTAR OS PROBLEMAS DUNHA LINGUA QUE ESTÁ EN PERIGO DE DESAPARICIÓN NUN MOMENTO, POR OUTRA BANDA, ÓPTIMO PARA A IMPLANTACIÓN DE POLÍTICAS DE RECUPERACIÓN QUE FARIAN MUDAR O PANORAMA.**



A. PANARO

Hai sectores que con pequenos investimentos poden producir froitos de contado. Ao se concentrar en determinados sectores, a situación irase modificando. En canto galego-falantes que falan castelán cos seus fillos vexan que a outros rapaces que falan galego lles vai ben xa irán mudando a súa práctica. No caso da mocidade unha das medidas de normalización é darlle valor ao galego co-

mo lingua de traballo, que se esixa ou sexa un mérito importante no mundo laboral. Outro factor é a vertente cultural que é fundamental e ás veces se minusvalora. A cultura cumpre un papel moi importante á hora de achegar á mocidade ao galego. No ámbito laboral conséguense usuarios e coa cultura teremos falantes.

**A representación entón do**

**CDG en español é un paso atrás na normalización?**

Nen Valle-Inclán é un autor descoñecido que haxa que rescatar, nen que non se teña representado ou se poda representar na Galiza. Que sexa o CDG quen se embarque nese proxecto é un disparate. Na cultura é onde se pode conseguir máis implicación coa lingua, con máis

audiencia que a militancia.

**Que papel cumpren hoxe as institucións relacionadas coa lingua como a Academia ou o Instituto da Língua?**

Fixose unha política errática creando organismos coas funcións que lle correspondían por lei á Academia. Estanse constituindo organismos que se solapan, o caso do Centro Ramón Piñeiro é evidente: créase para afogar o ILG. Unha das causas é a torpeza e outra peor é o control porque na Xunta se decataron de que non podían mandar no mundo académico. Lanzaron o Ramón Piñeiro cando o Instituto da Língua rexeitou a proposta de deixar de ser universitario e pasar a depender directamente da Consellaría. Créanse redes de intereses que son máis difíciles de tecer en institucións con estatutos claros. Un centro de investigación que ten como máxima autoridade científica un coordinador e non un director, e que está directamente vencellado a unha institución política, é un auténtico perigo para a investigación sobre o galego e tivo un impacto moi claro na distorsión do mundo académico.

**En canto á Academia a consellaría nunca asumiu os resultados do Mapa Sociolingüístico, que efectos provocou?**

O Mapa é un fito que se viña reclamando para intervir con maior eficacia. Como enquisa sociolingüística é a maior do mundo e iso debuxa un panorama de forma rotunda. As tentativas que fixeron desde o poder para utilizarlo politicamente foron inútiles porque non era fácil. Para calquer traballo o mapa de planificación lingüística futura é fundamental, pero é molesto se non se está en disposición de confrontar a realidade e facer unha política que vaia máis alá da propaganda. Supoño que por iso decidiron dar carpetazo ao Seminario de Sociolingüística nun feito que tamén ten que ver coa dinámica interna de intereses.

**Dixo que o debate sobre a normativa se desenvolvera en termos errados. En que punto se atopa?**

A discusión sobre a normativa era inevitábel e saudábel, o que pasa é que foi negativa nos termos nos que se apresentou. Distorsionouse e magnificouse de forma increíble e creouse a dinámica nefasta de que o inimigo era quen estaba a pé de min. Mesmo sectores moi comprometidos coa lingua están convencidos de que a chave está en resolver a cuestión lingüística e isto é profundamente falso. É a mentalidade de que se o galego morre non pasa nada porque vive en Portugal. Esta polémica sobrepúxose á de normalización social. Os que non somos reintegracionistas pasamos a ser inimigos da lingua. Creo asimismo que había potencialidades de cara ao achegamento ao portugués que estaban na norma oficial e que non se desenvolveron, por inercia, porque esta polémica botou atrás a moita xente... Hai que dar pasos como recurrir ao portugués para o vocabulario científico técnico. Só se poden tirar beneficios do intercambio lingüístico co mundo lusófono. Podo entender unha parte do malestar dos reintegracionistas na medida en que eses pasos non se deron, aínda que esaxeran. ♦